



Análise DAFO



Análise DAFO do sistema produtivo de Galicia: debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades

Tendo en conta o marco socioeconómico no que se desenvolve a economía galega descrito no capítulo **1.- Panorama xeral**, así como a análise dos principais factores que incidían na competitividade da comunidade autónoma (capítulo **2.- Factores de competitividade**) e as opinións recollidas nos cuestionarios enviados a diferentes axentes sociais (**anexo**), neste capítulo súxírense unha serie de aspectos a ter en consideración á hora de determinar futuras actuacións ou políticas.

As principais conclusións sistematízanse nunha matriz DAFO, onde se recollen as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades para o sector produtivo galego. Aínda que a diferenciación entre factores internos e externos non sempre está claramente definida, na primeira parte do capítulo preséntanse os factores internos, fortalezas e debilidades, e na segunda parte do mesma, os factores externos, que poden ter un impacto tanto positivo como negativo: oportunidades e ameazas.

A continuación resáltanse 79 aspectos relacionados co entorno (42 oportunidades e 37 ameazas) e 69 aspectos internos (30 fortalezas e 39 debilidades). Co obxecto dunha posterior definición de políticas e actuacións, e na liña da estrutura do informe, os distintos aspectos sinalados agrúpanse en sete grandes apartados: posición xeoestratéxica; crecemento económico e sistema produtivo; estrutura e desenvolvemento empresarial; infraestruturas; capital humano; investigación e desenvolvemento (I+D) e internacionalización.

Identificación de factores internos

Factores internos considéranse todos aqueles trazos, variables, características e/ou situacións que inciden positivamente (*fortalezas*) ou dificultan (*debilidades*) o crecemento, proxección, credibilidade ou desenvolvemento económico dun determinado territorio xa que facilitan ou reducen a súa capacidade de resposta e competitividade.

• Fortalezas

Posición xeoestratéxica

- A pesar dos problemas que para a economía galega pode supor o estar lonxe dos centros de decisión e dos principais mercados, a súa xeoposición atlántica permítelle ter unha **posición portuaria privilexiada con relación ás autoestradas do mar**: Galicia está no punto de paso das liñas transoceánicas Europa-Asia, Europa-África e Europa-América.

- Ligado ao punto anterior, cómpre salientar a grande capacidade para cubrir as nece-

■ Debilidades

- Situación periférica: afastamento núcleos económicos e de decisión.
- Elevado peso relativo do sector agrario en comparación coa media española.
- Estrutura produtiva pouco diversificada e centrada en actividades qe xeran pouco valor engadido.
- Abandono de zonas rurais.
- Deterioro relativo do peso demográfico no conxunto do Estado.
- Desequilibrio existente entre a Galicia occidental e o interior. Abandono de zonas rurais.
- Elevado peso relativo da poboación dependente en Galicia.
- Atonía relativa do mercado de traballo que non actúa de atractivo.
- Taxas de actividade e ocupación inferiores á media estatal e altas taxas de desemprego.
- Baixa participación da muller no mercado de traballo.
- Produtividade aparente do factor traballo moi por baixo da media estatal.
- Atomización e pequena dimensión empresarial.
- Peso relativo menor que en España das SRL e SA. Maior peso das Persoas Físicas.
- Individualismo. Insuficiente cultura empresarial e escasa cooperación interempresarial.
- Insuficiente grado de coordinación entre as administracións públicas e entre estas e as empresas.
- A pesar do avance, escaso esforzo por parte da Administración dirixido á simplificación de trámites e apoio e información ao emprendedor.
- Déficits de infraestruturas, nomeadamente ferroviarias, portuarias e intermodalidade.
- Insuficiente e inadecuada oferta de solo industrial.
- Esforzo investidor moi por baixo da media española e europea. A pesar da medra experimentada nos últimos anos, o indicador de actividade inventiva e a relación entre empregos en actividades de I+D a tempo completo por cada 1.000 activos seguen sendo inferiores á media española (71,6% e 80,9%, respectivamente).
- Asemade, actividade de I+D moi concentrada no sector público.
- Escasa integración e coordinación entre empresa-universidade-administración.
- O sector exterior presenta unha elevada vulnerabilidade e dependencia.
- Reducida proxección cara ao exterior e baixa capacidade de atracción de investimentos estranxeiros.

■ Fortalezas

- Posición portuaria privilexiada con relación ás autoestradas do mar.
- Disposición bioclimática: dispoñibilidade recursos naturais e enerxéticos e riqueza edáfica e xeolóxica.
- Taxas de crecemento do PIB superiores á media europea.
- O sector industrial galego presenta medras superiores á media estatal.
- Crecente desenvolvemento de estratexias de integración por parte das empresas.
- Cultura e sistemas produtivos tradicionais con amplo recorrido de mellora.
- Existencia dunha cultura especialmente orientada á calidade de produtos e servizos.
- A dimensión da empresa galega outórgalle certa flexibilidade e capacidade de adaptación empresarial a circunstancias cambiantes do entorno.
- Progresiva profesionalización empresarial e mellora da estrutura financeira das empresas
- Nº de altas empresariais superior ao de baixas. Taxa de mortalidade inferior á media estatal.
- A rede de técnicos de emprego.
- Moderado optimismo sobre a evolución futura da economía galega.
- Condicións naturais de abrigo dos portos e o seu potencial de crecemento.
- O avance da formación do capital humano en Galicia.
- Crecente sensibilización sobre a importancia do sistema de formación ocupacional e continua.
- Os 20 Puntos de Asesoramento de Inicio e Tramitación e o Centro Europeo de Empresas e Innovación.
- Entramado relacional en torno ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
- A Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Retgalia), que ten entre os seus obxectivos o de contribuír a acadar a calidade total do sistema galego de innovación.

■ Ameazas

- Perda de competitividade: fortaleza euro, diferenciais de inflación ...
- Ampliación da UE cara aos países do leste: perda de financiamento comunitario.
- Ausencia de sentimento de globalización.
- Galicia atópase lonxe do cumprimento dos obxectivos da renovada Axenda de Lisboa.
- Desequilibrios poboacionais e de xeración do PIB.
- Insuficiente grado de control do cumprimento dos diferentes plans económicos e sectoriais: freo á mellora da calidade dos produtos e ao desenvolvemento das actividades produtivas.
- A non converxencia activa coa media estatal.
- Necesidade de fortes adaptacións das empresas galegas tanto á lexislación comunitaria sobre medio ambiente como amosa requirimentos para o cumprimento dos acordos de Kioto.
- Percíbese unha insuficiente capacidade innovadora para o desenvolvemento de novas estruturas baseadas na cooperación e o asociacionismo que mellore eficiencia e produtividade global.
- O proceso de deslocalización industrial.
- Escaso desenvolvemento dun sistema ferroviario competitivo.
- Incerteza sobre os prazos de execución dos investimentos planificados e reducida coordinación interadministrativa na planificación dos mesmos.
- Carencia de solo industrial adecuado e incidencia negativa da especulación e o elevado prezo do mesmo.
- Incapacidade para reter persoas formadas nas Universidades galegas
- Insuficiente aproveitamento por parte das empresas do potencial existente nas Universidades e centros tecnolóxicos.
- Continuo e crecente saldo comercial deficitario: con terceiros países e co resto das CC.AA.
- Excesiva atomización industrial: limita o acceso a novos mercados, novos procesos de internacionalización e ao financiamento.
- Perda de competitividade se non se consegue atraer a Galicia novos provedores.

■ Oportunidades

- A intensificación das relacións transfronteirizas: Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.
- Reforma da política de cohesión e europea e as novas prioridades de financiamento 2007-2013.
- A ampliación da UE: incremento de mercado e maior mobilidade.
- Globalización e internacionalización en xeral.
- Evolución favorable dos tipos de xuro.
- Evolución positiva da economía galega e española respecto ao conxunto da UE.
- O establecemento dun marco de concertación e de diálogo social.
- Importancia estratéxica das actividades do sector primario.
- O peche dos ciclos produtivos con industrias de transformación que permitan a elaboración de produtos de alto valor engadido.
- Percorrido que aínda ten o sector turístico.
- Maior cultura social orientada cara a calidade e seguridade alimentaria.
- Revalorización sociocultural das actividades tradicionais e especificamente rurais.
- Incremento da conciencia social sobre a necesidade de aplicación de medidas para a mellora da conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.
- Creación de redes de cooperación empresarial.
- Desenvolvemento proxectos de I+D no sector privado en colaboración coa Admón. e as Universidades.
- RETGALIA.
- Esfuerzo mantido para mellora da cualificación da man de obra.
- Crecente integración social de internet.
- O papel dos *lobbies* galegos no exterior e a condición de Galicia coma porta de entrada para os países iberoamericanos.

sidades da demanda baseada no desenvolvemento do transporte marítimo de corta distancia (*short sea shipping*) a través das autoestradas do mar que conectan os portos galegos cos principais portos de mercadorías europeos, facilitando tanto as importacións como o acceso a novos mercados de venda.

- A disposición bioclimática tradúcese non só nunha elevada dispoñibilidade de recursos naturais e enerxéticos (auga, pedra, madeira, rías...), senón tamén nunha importante riqueza edáfica e xeolóxica. Estas condicións naturais favorecen tanto á obtención de grandes producións como á calidade de moitos produtos, produtos requiridos e demandados polo mercado, que transformados e elaborados poden crear un importante valor engadido e supor un potencial exportador (madeira, produtos ecolóxicos agrícolas, acuicultura, ...).

Este patrimonio natural, xunto co riquísimo patrimonio histórico-relixioso-cultural galego, definen os seus **valores paisaxísticos** e actúan coma elemento de atracción.

Crecedemento económico e sistema produtivo

- Ao longo dos últimos anos, Galicia presentou unha **taxas de crecedemento** da súa actividade produtiva superiores ás rexistradas no conxunto dos países da Unión Europea. Por contra, o crecedemento medio do PIB galego no período 2000-05 foi tres décimas inferior á media española (tan só no ano 2004, Galicia presentou unha medra superior).

- Dende a óptica da estrutura produtiva, ao longo dos seis anos considerados a economía galega amósase menos dependente dos servizos de mercado que a economía española, en tanto que a contribución ao VEB dos sectores agrario, enerxético, construción e servizos non de mercado amosan unha importancia relativa superior.

Dada a maior taxa de crecedemento do conxunto do sector industrial galego dende o ano 2002, a súa achega ao VEB galego é similar ao español nos dous últimos anos.

- Crecente desenvolvemento de **estratexias de integración** vertical e horizontal por parte das empresas e grupos galegos, que inciden e favorecen unha maior integración e cohesión de determinadas cadeas produtivas, coma as do automóbil, naval, granito, madeira ou acuicultura.

- Existencia dun importante nivel de capital intelectual e *know-how* asociado ás principais actividades produtivas (industria agroalimentaria, automoción, naval, forestal-madeira, loxística...), que favorece a capitalización da experiencia e o desenvolvemento de actividades innovadoras.

- En Galicia existe unha **cultura e sistemas produtivos tradicionais** con amplo recorrido de mellora.

- Existencia dunha cultura especialmente orientada á calidade de produtos e servizos: dado que ésta é un dos factores de éxito máis relevantes para competir na actualidade, o sector produtivo galego disfrutará dun favorable posicionamento de cara a competir nos mercados exteriores.

Na actualidade existen 19 produtos agroalimentarios co distintivo Denominación de Orixe ou selos de identificación propios: cinco viños (Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra), catro augardentes e licores ("Orujo de Galicia/augardente de Galicia", Augardente de herbas de Galicia, Licor de herbas de Galicia e Licor café de Galicia), catro queixos (Queixo tetilla, Arzúa-Ulloa, San Simón da Costa e Cebreiro), dúas carnes ("Terneira gallega" e "Lacón gallego"), Mel de Galicia, Pataca de Galicia, Pan de Cea e Agricultura ecolóxica de Galicia.

Xunto aos devanditos produtos agroalimentarios, o mexillón galego converteuse recen-

temente no primeiro e único produto do mar a nivel europeo con distintivo de Denominación de Orixe.

- Ao mesmo tempo hai que subliñar a consideración xeralizada da calidade dos subministrados procedentes do mercado galego.

- Importancia do **crecemento da agricultura integrada e ecolóxica**, que favorece o desenvolvemento de materias primas de maior calidade e a obtención de produtos finais cun valor engadido para o produtor, potenciando ademais o desenvolvemento rural.

- Importante desenvolvemento da **acuicultura** como alternativa para garantir o abastecemento de materias primas ante as crecentes dificultades doutras vías de aprovisionamento.

- Galicia é excedentaria en produción enerxética e xera un elevado aporte das **energías renovables**, salientando especialmente na hidráulica e eólica, que a sitúa coma a sexta rexión a nivel mundial e a cuarta europea.

- Cómpre salientar a existencia de novos proxectos innovadores para a elaboración de novos produtos a partir doutros de carácter tradicional en determinados sectores produtivos galegos (madeira, granito, complexo mar-industria, agropecuario, ...).

- O devandito **patrimonio natural-cultural-relixioso** aporta unha salientable potencialidade turística, moi importante para o desenvolvemento económico no ámbito rural.

Estrutura e dinámica empresarial

- Presenza en Galicia de importantes empresas, tanto de capital galego coma pertencentes a grupos foráneos, que, dado que son líderes nos seus sectores de actividade e tecnoloxicamente evolucionadas e con forte vocación exportadora, poden constituír un núcleo duro dinamizador de novos procesos de industrialización.

- **Flexibilidade e capacidade de adaptación** aos cambios do entorno, derivadas da existencia dunha estrutura empresarial fundamentalmente de pemes, con rápida capacidade de manobra para adaptarse a pequenas series, novos gustos e novas preferencias dos clientes.

- Positiva tendencia a unha **progresiva profesionalización** das empresas nos últimos anos, existindo un paulatino ingreso nos niveis directivos e cadros intermedios de persoal especializado na xestión empresarial.

- Mellora considerable da estrutura financeira das empresas galegas. A isto contribuíron, xunto á devandita profesionalización dos cadros directivos, o esforzo das institucións públicas e as entidades financeiras.

- Importante avance no desenvolvemento de sistemas de xestión de calidade e de xestión medioambiental.

- Avance no desenvolvemento de estratexias de internacionalización e acceso a novos mercados para continuar o crecemento empresarial. Con todo, é necesario incidir na sensibilización e información sobre oportunidades no ámbito internacional, xa que unha de cada dúas empresas galegas non considera estratéxico o acceso aos mercados internacionais.

- A situación dos costes de persoal no conxunto do tecido produtivo galego. Non obstante, cómpre salientar que na actual economía do coñecemento, a chave do desenvolvemento está na capacidade innovadora, a eficiencia e a calidade.



3.1.1.

- En Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, o número de empresas que iniciaron a súa actividade económica ao longo dos últimos cinco anos é superior ao número de empresas que cesaron todas as súas actividades. Asemade, cómpre salientar que Galicia presenta unha taxa de mortalidade empresarial, medida coma o número de empresas que cesaron a súa actividade por cada 10.000 habitantes, por baixo da rexistrada de media en España.

- Xunto ao Centro Europeo de Empresas e Innovación (CEEI-BIC Galicia), cómpre salientar a presenza de 20 Puntos de Asesoramento de Inicio e Tramitación (PAIT), aínda que centrados nas Sociedades Limitadas de nova creación.

- Existencia dunha **rede de técnicos de emprego** formada por preto de 400 profesionais especializados no asesoramento empresarial. Os cinco grandes obxectivos desta rede son os da dinamización socioeconómica no ámbito local, o estímulo de proxectos empresariais innovadores baseados no uso das tecnoloxías, o asesoramento para a creación de empresas, a formación de emprendedores e a participación en proxectos comunitarios.

- Moderado **optimismo** sobre a evolución futura da economía galega no seu conxunto. O **cadro 3.1.1.** reflicte que se ben a percepción da economía galega no momento actual e futuro sitúase no rango de valores intermedio ("regular"), os valores medios amosan un certo optimismo na evolución da economía galega, acadando valoracións de 3,2 e 3,5, respectivamente (valores comprendidos entre 1 e 6, sendo 1 "moi negativa" e 6 "moi positiva").

Infraestruturas

- Dada a situación periférica de Galicia, e o papel clave que xoga a loxística, a existencia de portos marítimos con importante potencial de crecemento ofrece a saída ao mar coma alternativa loxística fundamental.

Ademais, as condicións naturais de abrigo dos portos galegos ofrecen unha importante vantaxe comparativa á hora de realizar ampliacións ou establecer novas infraestruturas.

Capital humano

- A pesar de que en 2005 o 55,7% dos galegos tiñan un nivel formativo considerado como baixo e un 27,2%, alto (65,2% e 21,6%, respectivamente, en 2002), cómpre salientar o importante avance da formación do capital humano ao longo dos últimos anos. Asemade, hai que destacar a mellora da formación dos cadros directivos e mandos intermedios a través das tres universidades públicas e os centros privados de formación, nos que salientan especialmente os ligados ás caixas de aforros.

- Crecente sensibilización sobre a importancia do sistema de formación ocupacional e continua para adaptar os coñecementos e habilidades dos recursos humanos aos continuos cambios do entorno, especialmente na aplicación dos avances tecnolóxicos.

Investigación e desenvolvemento

- O activo que supón non só o entramado relacional en torno ao Parque Tecnolóxico de Galicia e a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia (RETGALIA), senón tamén a actividade das tres universidades neste campo.

• Debilidades

Posición xeoestratéxica

- Neste ámbito, e a pesar das fortalezas indicadas anteriormente, un aspecto desfavorable que hai que salientar é a **situación periférica** de Galicia e o seu afastamento dos principais núcleos económicos e de decisión e a desconexión dos circuitos de maior tráfico de mercadorías.

Dos datos recollidos nos cuestionarios recibidos despréndese a importancia que se lle outorga ao impacto desta localización xeográfica, xa que o 45,7% das respostas o consideran como "negativo" ou "moi negativo". Tal coma se indica no **cadro 3.1.2.**, tan só no 26,1% dos cuestionarios se fai referencia aos aspectos positivos da situación xeoestratéxica.

Crecedemento económico e estrutura produtiva

- Unha das características da economía galega é a existencia dunha **participación do sector agrario** no seu valor engadido bruto (VEB) por riba da media española. Este sector primario está moi especializado en produtos comúns en países centro europeos.

As actividades primarias, de baixo valor engadido, manteñen un peso importante na ocupación, ao contrario do acontecido no caso do sector terciario, cunha ocupación superior á media estatal.

- Constátase o progresivo **abandono das zonas rurais** ao longo dos últimos anos, o que xera importantes desequilibrios en múltiples factores e perdas de oportunidades produtivas baseadas en determinados sectores tradicionais. Asemade, falta asociacionismo e cooperativismo, especialmente no medio rural, para salvar as explotacións que non teñen relevo e rendibilizar a actividade agrícola.

- Importante incidencia do clima, a meteoroloxía e a **situación xeográfica** no volume e estabilidade da produción de determinados produtos agropecuarios que poderían actuar coma impulso para a sostenibilidade e o desenvolvemento de determinadas áreas xeográficas.

- Atendendo aos índices de especialización relativa da economía galega en referencia á española, cómpre salientar o **desequilibrio sectorial** na estrutura produtiva galega, que se reflicte na concentración en poucos sectores industriais, entre os que destacan, a "industria de papel, edición e artes gráficas", a fabricación de material de transporte, as actividades

Influencia ou importancia concedida no momento actual a distintos aspectos relacionados co sector produtivo en Galicia.

	Moi mala	mala	Regular (%)	boa	Moi boa
Valoración do impacto ou influencia de					
Localización xeográfica de Galicia	10,9	34,8	28,3	19,6	6,5
Ampliación da Unión Europea	8,9	37,8	31,1	8,9	13,3
Cumprimento protocolo Kyoto	4,4	31,1	40,0	15,6	8,9
Competencia asiática	17,4	60,9	17,4	2,2	2,2
Dinámica de mercados	2,2	24,4	37,8	31,1	4,4
Posibilidades de financiamento	2,2	2,2	23,9	41,3	30,4
Adecuación da oferta á demanda de traballo	10,9	26,1	32,6	21,7	8,7
Custos laborais	-	15,2	26,1	37,0	21,7
Eurorexión Galicia-Norte de Portugal	2,3	11,4	20,5	43,2	22,7
Valoración actual do contexto sociocultural					
Evolución demográfica	37,0	47,8	10,9	4,3	-
Cultura da calidade	-	28,3	30,4	21,7	19,6
Ambiente cooperación entre os distintos sectores	8,7	37,0	39,1	15,2	-
Ambiente cooperación entre empresas	11,1	33,3	28,9	22,2	4,4
Importancia da colaboración Universidade, empresa e Admón.	-	8,7	-	10,9	80,4
Nivel cooperación Universidades e centros I+D	2,2	31,1	26,7	26,7	13,3
Nivel cooperación Universidade, empresa e Administración.	8,9	42,2	24,4	20,0	4,4
Imaxe de marca	2,2	10,9	17,4	45,7	23,9
Campañas de promoción da imaxe de Galicia	4,3	19,6	26,1	28,3	21,7
Situación actual das seguintes infraestruturas					
Estradas					
conexión con outras zonas de Galicia	4,4	26,7	35,6	22,2	11,1
conexión coa meseta	-	6,7	17,8	31,1	44,4
conexión coa Eurorexión	2,2	17,8	31,1	31,1	17,8
conexión dos parques empresariais	4,5	34,1	43,2	18,2	-
Ferrocarril					
saída de Galicia cara ao resto da CC.AA.	60,0	28,9	6,7	4,4	-
saída cara á Eurorexión	68,2	20,5	9,1	2,3	-
conexión entre as principais cidades galegas	45,5	27,3	22,7	4,5	-
conexión cos portos galegos	51,1	26,7	20,0	2,2	-
Portos					
Portos galegos de interese xeral	2,2	17,8	37,8	31,1	11,1
Portos da Administración autonómica	2,4	26,2	35,7	31,0	4,8
Portos deportivos	-	9,5	33,3	42,9	14,3
Aeropostos					
Infraestruturas medioambientais	7,0	37,2	39,5	16,3	-
Telecomunicacións	9,1	36,4	25,0	25,0	4,5
Solo empresarial	24,4	42,2	28,9	4,4	-
Parques tecnolóxicos	18,2	43,2	34,1	4,5	-

Fonte: CES-Galicia

■ **3.1.2.**

enerxéticas ou as actividades do téxtil e da confección. Con carácter xeral, as empresas galegas presentan unha especialización en sectores de demanda media e débil, o que si representa unha debilidade manifesta da economía galega.

Os servizos de mercado amosan un índice de especialización relativo inferior á media estatal nos distintos grupos de actividade. Por contra, os servizos non de mercado presentan unha especialización relativa por riba da media do conxunto do Estado.

- Pouca industria de transformación e comercialización e estruturas de produción pouco desenvolvidas (problemas estruturais como a propiedade, produción puntual e illada, afastada dos centros de consumo).

- Galicia presenta signos de **ineficiencia enerxética** con respecto ao conxunto do Estado, xa que consume proporcionalmente máis enerxía que o aporte do seu PIB ao total estatal. O elevado consumo da planta de aluminio de Alcoa en San Cibrao, que é quen máis enerxía emprega, contribúe de xeito moi relevante a este feito.

- O forte incremento do número de incendios forestais e da superficie afectada por eles reflicte unha elevada vulnerabilidade aos mesmos.

- Escaso desenvolvemento rural.

- Insuficiente uso de enerxías renovables na actividade industrial e de servizos (nomeadamente turísticos, recreativos e habitacionais de calidade) para dar unha imaxe de desenvolvemento ecolóxico e sostible.

- Diversidade de **ámbitos normativos** con competencias en diferentes actividades produtivas estratéxicas (lexislación local, autonómica, estatal, comunitaria) que presenta dificultades para desenvolver unha maior coordinación de forma sistematizada das actuacións públicas e a súa aplicación de forma homoxénea.

Aspectos demográficos

- Unha das principais debilidades estruturais da economía galega é o continuo **deterioro relativo do peso demográfico** e, xa que logo, social de Galicia no conxunto do Estado. E probablemente sexa difícil manter o peso político dunha comunidade no conxunto do Estado cando se perde substancialmente no demográfico.

Este deterioro é consecuencia, entre outros aspectos, do envellecemento crecente da poboación, da menor taxa de natalidade, da emigración xuvenil, do retorno dos emigrantes e da reducida chegada de inmigrantes a Galicia. Este último aspecto indicaría un síntoma da atonía relativa do mercado de traballo galego, que non actúa de atractivo coma noutras comunidades autónomas de España.

As opinións recollidas no devandito cuestionario reflicten, **cadro 3.1.2.**, un importante consenso á hora de considerar o impacto da evolución demográfica como "negativo" ou "moi negativo", xa que un 85% o considera como tal (1 ou 2 sobre 6), sendo esta porcentaxe do 37% se só se consideran as persoas que lle outorgan un cualificativo de "moi negativo" (1 sobre 6).

- A problemática desta crise demográfica acentúase se se ten en conta o forte **desequilibrio existente entre a Galicia interior e a occidental costa**. A poboación galega non só se concentra de xeito claro na franxa costeira, senón que a devandita concentración acrecéntase dado o incremento poboacional nestas comarcas e o continuo descenso nos municipios das comarcas do interior.

Mercado de traballo

- Unha mostra da **debilidade relativa do mercado de traballo galego** en comparación co conxunto do Estado é a existencia de taxas de actividade e ocupación inferiores á media e dunhas taxas de desemprego superiores. Este problema agrávase no caso das mulleres, que presentan unhas taxas de actividade e ocupación inferiores ás dos homes e unhas taxas de desemprego moi superiores.

- De xeito similar ao acontecido no resto de España, Galicia presenta, sen perxuízo do recurso á contratación temporal para facer fronte ás necesidades conxunturais das empresas, unha **taxa de temporalidade** que se sitúa en torno aos vinte puntos por riba da media europea.

O devandito problema da temporalidade en Galicia agrávase ao ter en conta tanto a duración dos contratos temporais como o grao de rotación existente no mercado de traballo.

- O mercado de traballo galego presenta indicadores, polo xeral, moi por baixo do cumprimento dos **obxectivos intermedios** fixados polo cumio de Lisboa para o ano 2005. Neste ano, Galicia sitúase máis de seis puntos por baixo dos devanditos obxectivos no caso da taxa de emprego total e de emprego feminino. Canto ao desemprego, Galicia presenta taxas de paro moi superiores ao promedio dos tres mellores resultados por países, sendo este diferencial especialmente significativo no caso dos novos (case trece puntos por riba) e das mulleres (máis de nove puntos superior).

- A pesar da medra da **produtividade aparente do factor traballo**, Galicia presenta valores moi por baixo da media española, sendo especialmente significativo o nivel acadado no caso do sector primario: a produtividade aparente do factor traballo no conxunto da economía galega é do 84,6% da media española en 2004 e do 66,6% da media estatal no caso do sector primario. Asemade, cómpre salientar que a produtividade aparente do traballo medra en todos os sectores agás no conxunto do sector industrial, cunha produtividade media que representa o 85,2% en 2004, fronte ao 85,5% en 2001.

Estrutura e dinámica empresarial

- Detéctase, con carácter xeral, unha **insuficiente cultura empresarial** en Galicia, cunha cultura individualista e con escasa disposición ao desenvolvemento de estratexias de cooperación. As persoas, organizacións e institucións consultadas salientan este reducido ambiente de cooperación entre as empresas e os sectores de produción, cualificando a súa situación actual (media das respostas obtidas) como “mala” nos dous casos considerados (2,8 e 2,6 puntos sobre 6, respectivamente) (**cadro 3.1.1.**).

Este problema acentúase coa percepción dun insuficiente grado de coordinación tanto entre as diferentes administracións públicas como entre estas e as empresas para o desenvolvemento de políticas de xeito consensuado. Este insuficiente importancia concedida ás estratexias de cooperación entre o ámbito privado e público en materias coma o apoio promocional e marketing, axudas á internacionalización, instrumentos financeiros, simplificación e axilización administrativa, ou normativa urbanística, entre outros, dificulta a mellora da competitividade do conxunto de actividades produtivas galegas.

- O tecido produtivo galego presenta un maior peso relativo que no conxunto do Estado de empresas coa condición xurídica de persoas físicas, e menor no caso de Sociedade de Responsabilidade Limitada ou de Sociedade Anónima.

- Asemade, cómpre salientar o **menor tamaño medio** das empresas galegas, medido tanto coma a relación entre o número de empresas e as persoas afiliadas aos réximes xeral, da minería do carbón e de traballadores autónomos coma o cociente entre as empresas con asalariados e afiliados aos réximes xeral e da minería do carbón.

O elevado grao de atomización do tecido empresarial dificulta a innovación e o acceso a novos mercados internacionais de maior dimensión.

- Xunto ao devandito menor tamaño empresarial, Galicia presenta unha **densidade empresarial** (empresas por cada 1.000 habitantes) e unha **taxa de creación de empresas** (sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes) inferiores ás rexistradas no conxunto do Estado.

- Insuficiente desenvolvemento de estratexias de comunicación por parte das empresas de cara aos consumidores finais e á sociedade en xeral, o que dificulta a mellora da súa imaxe e un incremento do consumo.

- A pesar do relativo avance experimentado nos últimos anos, pódese cualificar coma escaso o esforzo por parte da Administración dirixido á **simplificación de trámites** e apoio e información ao emprendedor.

- Ligado ao devandito escaso esforzo de apoio e información ao emprendedor, cómpre salientar a existencia dunha débil cultura empresarial en canto ao fomento da capacidade emprendedora e ao impulso da innovación e a excelencia.

Infraestruturas

- A **situación periférica** e os **déficits de infraestruturas**, nomeadamente as ferro-



■ 3.1.3.

viarias, portuarias e o escaso desenvolvemento dun sistema intermodal de transportes, que nos afastan máis dos mercados e dificultan a corrección dos desequilibrios territoriais. Tendo en conta estes dous aspectos, e no actual contexto de globalización, a loxística adquire un papel clave no desenvolvemento dos sectores produtivos galegos.

Os datos recollidos no **cadro 3.1.3.** reflicten a valoración actual das distintas infraestruturas. O sistema ferroviario, que con diferenza é o medio de transporte peor valorado, (case o 90% dos cuestionarios catalogan a conexión co resto das CC.AA. e coa Eurorexión como malas ou moi malas, sendo esta porcentaxe do 77,8% no caso das conexións cos distintos portos e do 72,8% se falamos das conexións entre as distintas cidades galegas), caracterízase en Galicia polo retraso na modernización da rede (elevado número de Km de vía única, escaseza de vías férreas electrificadas) e na implantación da liña de alta capacidade.

- Baixos niveis de especialización e de complementariedade existentes entre os tres aeroportos galegos e reducido tráfico relativo de pasaxeiros e mercadorías.

- Asemade, apréciase unha insuficiente dotación de infraestruturas medioambientais e deficientes estruturas enerxéticas de distribución de gas e electricidade.

O indicador sintético de infraestruturas reflicte, ademais, unha importante debilidade canto ás infraestruturas tecnolóxicas e de comunicación. Asemade, persiste o déficit de equipamentos sociais e culturais.

- Insuficiente e inadecuada oferta de **solo industrial**, que se reflicte na escasa racionalización e adecuación desta oferta á demanda empresarial, na carencia en moitos polígonos industriais de capacidade real de acoller industrias ou na necesidade de estar unidos a unhas adecuadas infraestruturas de comunicacións que fagan fácil o acceso aos mesmos,

sexan atractivos ás empresas e que posibiliten unha loxística realmente áxil e asequible. Esta problemática agrávase coa elevada atomización do solo industrial existente e o alto grao de dispersión dos polígonos empresariais.

Os datos recollidos nos cuestionarios indican que os distintos axentes sociais teñen valoración negativa sobre a situación actual dos parques tecnolóxicos e do solo industrial. O 61,4% das persoas que respostaron o cuestionario consideran que a situación actual dos parques tecnolóxicos é mala ou moi mala, sendo esta porcentaxe do 66,7% no caso do solo industrial.

Asemade, o feito de que a xestión do solo industrial e os seus equipamentos dependan de diferentes organismos e institucións pode implicar non só importantes problemas de coordinación entre os mesmos, senón tamén unha lenta reacción ante a gravidade do problema.

- Escaso desenvolvemento de modernos **nodos loxísticos** que contribúan á dinamización da actividade empresarial da comunidade autónoma.

A principal repercusión destas carencias é a caída de investimentos potenciais en Galicia e a perda do emprego que estes investimentos poderían xerar.

Capital humano

- Insuficiente nivel de **adecuación da oferta á demanda empresarial**. Dunha banda, faltan titulacións específicas en ciclos de formación profesional, orientada á formación dos recursos humanos de determinadas cadeas produtivas galegas. Doutra, detéctase un certo déficit de man de obra cun nivel de cualificación homologable ao de Formación Profesional, o que incide na dificultade para contratar e desenvolver especialistas.

- Insuficiente cualificación dos recursos humanos en cuanto a idiomas, representando un freo á internacionalización empresarial.

- Percíbese un adecuado grao de análise e diagnóstico dende as administracións públicas sobre problemáticas existentes no sistema produtivo, se ben, á hora de por en marcha accións concretas, unhas veces por razóns orzamentarias e outras por imposibilidade técnicas ou simples incapacidades, non se implementan os cambios necesarios.

Investigación e desenvolvemento tecnolóxico

- A pesar do considerable incremento experimentado nos últimos anos, o **esfuerzo investidor**, medido coma a relación entre o gasto en I+D e o PIB, sitúase moi por baixo da media española e europea, e aínda moi lonxe dos obxectivos europeos fixados para o 2010.

O sistema galego de I+D+i caracterízase polo seu carácter eminentemente público. O financiamento empresarial destas actividades situouse en 2005 dez puntos por baixo da media española e máis de vinte puntos por baixo do obxectivo marcado no cumio de Lisboa (66%). Esta situación vese agravada polas características propias do tecido produtivo galego, composto por un elevado número de microempresas que se amosan pouco activas en termos de investimentos en I+D.

- Escasa integración e coordinación entre o mundo empresarial, as universidades e a administración. A pesar da elevada importancia concedida a esta colaboración (o 80,4% a considera como moi importante e un 10,9% como positiva), o nivel medio de cooperación da denominada "tripla hélice" sitúase no rango que a considera como "reducido" (entre 2 e 2,9). Dos datos obtidos nos cuestionarios, mentres que o 42,2% afirman que esta necesaria colaboración é escasa en Galicia e un 8,9% como moi escasa, un 20% afirma que este nivel de cooperación é bo, sendo esta porcentaxe do 4,4% no caso das persoas que o consideran como moi bo.

- A **brecha dixital** existente entre Galicia e a UE e España, que se reflicte en que os indicadores galegos da Sociedade da Información están por baixo da media española e europea na meirande parte dos ámbitos relativos á creación, emprego e difusión das TIC.

- O grao de **penetración das novas tecnoloxías** nos fogares galegos está por baixo da media española, quedando patentes as importantes diferenzas que a sociedade galega sofre en canto á utilización de internet.

Internacionalización

- A alta concentración das grandes compañías sobre o volume importado e exportado parece indicar unha **elevada vulnerabilidade e dependencia** da estrutura comercial galega das grandes empresas emprazadas en Galicia. Nos mesmos termos podería falarse da elevada concentración das exportacións e importacións en poucos capítulos e países, xa que un desprazamento da demanda cara outros países e/ou produtos podería debilitar a industria galega.

- **Reducida proxección cara ao exterior** dos nosos produtos, especialmente por mor da falta de valor engadido que xerese máis ocupación de man de obra.

- **Baixa capacidade de atracción** de investimentos e capitais estranxeiros.

Identificación de factores externos

Os factores externos ou esóxenos fan referencia a distintas variables, acontecementos e características do entorno que poden xerar un impacto, positivo (*oportunidades*) ou negativo (*ameazas*), na economía dun país, incrementando ou reducindo o volume da súa actividade económica e da súa competitividade.

Oportunidades

Situación xeoestratéxica

- Contemplan as características propias do **medio natural galego** e as súas potencialidades de fornecedor de recursos (auga, pedra, madeira, ...) como elementos produtivos capaces de ser base dunha economía puxante.

- En termos loxísticos, hai que salientar o potencial que a xeoposición atlántica galega e a súa **privilexiada situación portuaria** confire para impulsar o comercio internacional marítimo, tanto co norte de Europa como co continente americano e a costa do noroeste de África.

- Un aspecto importante a destacar son as posibilidades que ofrece a intensificación das **relacións transfronteirizas** coa rexión Norte de Portugal. Neste senso, cómpre salientar, dunha banda, as oportunidades que implicarían a articulación dunha rede loxística de infraestruturas e o establecemento de canais de intercambio de información e promoción de posibilidades de negocio. Doutro, os estímulo á cooperación existentes, tendo en conta tanto o apoio dos programas de cooperación transfronteiriza como a mobilización dos axentes e comunidades locais en torno a proxectos de cooperación.

Con todo, a pesar de que case dous terzos das persoas que cubriron os cuestionarios consideran o impacto económico da Eurorrexión como positivo ou moi positivo, e de que xa existen experiencias na xestión conxunta de programas, a cultura de cooperación aínda é débil.

Obxectivos estratéxicos do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013

Obxectivo Global

Converxer en termos de crecemento e emprego, gracias ao fomento dunha economía baseada no coñecemento.

Obxectivos finais

- 1 Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.
- 2 Incrementar a competitividade do entramado produtivo galego a través do coñecemento e a innovación.
- 3 Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.
- 4 Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.

Obxectivos intermedios

- 1 Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.
- 2 Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o entorno.
- 3 Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.
- 4 Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).
- 5 Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).
- 6 Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.
- 7 Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.
- 8 Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.
- 9 Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.
- 10 Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.
- 11 Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.
- 12 Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.
- 13 Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.
- 14 Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.
- 15 Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial.
- 16 Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.

Fonte: Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013

3.1.4.

Creceemento económico e sistema produtivo

• Para o vindeiro período de programación 2007-2013, Galicia seguirá pertencendo ao actual grupo de rexións Obxectivo 1 (denominado agora *Obxectivo converxencia*), polo que continuará percibindo axudas dos fondos estruturais europeos. Por primeira vez, a política de cohesión comunitaria non se centrará só nas disparidades interrexionais, senón que prestará especial atención ás necesidades e prioridades establecidas por cada zona, intentando corrixir os desequilibrios intrarrexionais.

A estratexia de intervención dos **fondos estruturais** en Galicia para o vindeiro período de financiamento recolle, a nivel estratéxico, tres niveis de obxectivos: o obxectivo global de converxer en termos de crecemento e emprego; catro obxectivos finais, que inciden nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico (capital humano, capital físico e o coñecemento); e 16 obxectivos intermedios nos que se basearán as actuacións sinaladas no plano operativo (**cadro 3.1.4.**).

A estratexia de intervención do FEDER articularase en torno ao sete eixes prioritarios segundo o establecido no documento "*Marco estratéxico nacional de referencia de D.X. Fondos Comunitarios*", do Ministerio de Economía y Hacienda de 30 de setembro de 2006: desenvolvemento da economía do coñecemento (I+d+i, educación, sociedade da información e TIC); Desenvolvemento e innovación empresarial; Medio ambiente, entorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos; Transporte e enerxía; Desenvolvemento sostible local e urbano; Investimentos en infraestruturas sociais e Asistencia técnica.

O devandito Programa Operativo recolle a realización de dous grandes proxectos, entendendo como tales todas aquelas operacións que comprendan unha serie de obras, actividades ou servizos dirixidos a efectuar unha tarefa indivisible dunha determinada natureza económica ou técnica, que persiga obxectivos claramente delimitados e cuxo custo total supere os 25 millóns de euros, se estes se refiren ao medio ambiente e os 50 millóns de euros se afectan a outros ámbitos). Estes dous grandes proxectos son a planta de tratamentos de lodos e a rede de altas prestacións: acceso a Galicia e eixe atlántico (Ferrol-fronteira portuguesa).

- O incremento de procesos de **globalización e internacionalización** en xeral, cun desenvolvemento progresivo dun mercado multilateral, aberto e cada vez máis liberalizado, ofrece ás distintas economías amplas posibilidades. Neste senso, hai que considerar o devandito proceso non só coma unha ameaza (supón maior entrada de competidores no mercado local) senón tamén coma un reto ao que hai que facer fronte, xa que permitiría incrementar tanto o volume de negocio das empresas coma as posibilidades de acceso a maiores masas de negocio fóra de Galicia.

Asemade, estes procesos permitirían aproveitar as fortalezas intrínsecas de Galicia para captar investimentos estranxeiros directos e capitais que se deslocalizan noutros territorios.

A transformación desta ameaza en oportunidade esixe ter ademais de persoas formadas, con capacidade de relación en entornos internacionais e con coñecemento do bo uso da tecnoloxía, unha actitude positiva cara á cooperación con outras empresas e institucións.

- A ampliación da UE a novos países implica un incremento do mercado aos produtos galegos e unha maior mobilidade de mercadorías, se ben supón tamén un incremento da competencia procedente deses mercados.

- **Favorable evolución dos tipos de xuro** ao longo dos últimos anos, o que repercute de forma positiva nos custos dos recursos financeiros das empresas, favorecendo novos investimentos e melloras nos procesos, e nas familias, facilitando un maior endebedamento.

- **Evolución positiva da economía galega e española** respecto ao conxunto da UE, con taxas de crecemento do PIB superiores á media europea. Non obstante, cómpre salientar que Galicia experimenta unha medra media no período 2000-05 tres décimas inferior á rexistrada en España.

- O establecemento dun marco de concertación e diálogo social, que pretenda contribuir á mellora do mercado de traballo.

- Tendo en conta a devandita disposición bioclimática, a economía de Galicia dispón de importantes recursos naturais competitivos e con forte potencial de desenvolvemento: pesca, acuicultura, madeira, produtos agroalimentarios, enerxías renovables coma a hidráulica ou a eólica, turismo, rochas ornamentais ou a lousa.

- **Importancia estratéxica das actividades do sector primario** na economía galega, o que obriga a un elevado compromiso e apoio por parte das administracións públicas para manter un equilibrio social adecuado e impulsar a súa evolución cara actividades industriais e de servizos.

- **Peche dos ciclos produtivos** con industrias de transformación que permitan a elaboración de produtos de alto valor engadido, melloras na produción coa aplicación de novas tecnoloxías e melloras e aforros de custos.

- Hai que destacar unha maior **cultura social orientada cara a calidade e seguridade alimentaria**, así como o incremento do consumo de produtos baseados nun exhaustivo control e seguimento de todo o proceso de produción e transformación. Estes favorecen

as estratexias de diferenciación baseadas na calidade dos produtos seguidas polo sistema empresarial galego de determinadas ramas de actividade.

- Favorable percepción da **imaxe e calidade dos produtos galegos** (agrarios, pesqueiros ou forestais) no mercado estatal, que debería ser aproveitada para diferenciarse da competencia e incrementar o seu valor engadido.

- **Tradición pesqueira** en toda a comunidade autónoma, que supón unha ampla experiencia e *know-how* de gran valor para todo o contexto empresarial e social.

- Existencia de novas técnicas de conservación de alimentos e desenvolvemento de novos proxectos en base ás **novas tecnoloxías** que melloren a eficiencia do proceso de aprovisionamento como pode ser a creación dunha lonxa virtual para a primeira venda de produtos do mar.

- Significativo desenvolvemento da **actividade acuícola** en Galicia cun importante potencial de crecemento futuro, que pode supoñer unha alternativa aos problemas actuais de dispoñibilidade e de acceso a novos caladoiros.

- Inmellorables condicións para o desenvolvemento de **novos parques de cultivo** e granxas de cultivo de novas producións que permitan diversificar e ampliar a oferta. Aproveitamento de condicións naturais para intensificar actividades extractivas vinculadas co **marisqueo**.

- Importancia do **factor sociocultural ligado ao monte** en Galicia, potenciándose a importancia doutros usos do monte (paisaxísticos, ecoturismo, deportes vinculados á natureza) que supoñen un aspecto xerador de riqueza, favorecendo un maior desenvolvemento das masas forestais e a complementariedade co seu aproveitamento para a industria da madeira.

- Existencia de sistemas de coxeración e **aproveitamento da biomasa** para a obtención de enerxía calorífica e eléctrica, que permita aproveitar os subprodutos residuais. Cómpre salientar que a importancia da biomasa non só hai que considerala en termos enerxéticos, xa que o seu aproveitamento ten efectos positivos na mellora da calidade forestal, mellora medioambiental e redución de incendios forestais, fomenta o desenvolvemento rural, posibilita a creación de emprego e o freo da tendencia de despoboación do mundo rural.

- Elevado **potencial para o desenvolvemento turístico** de Galicia e o aproveitamento dos seus atractivos e recursos naturais. Percíbense cambios na demanda e nos hábitos de consumo cara ao turismo cultural, turismo ligado á natureza e o turismo de saúde (talasoterapia, termal, balnearios), que é un turismo con menor incidencia da estacionalidade.

- Importante volume de **axudas específicas**, tanto a nivel europeo coma estatal e autonómica, para o **desenvolvemento do medio rural**. O que pretenden é implicar ademais á poboación rural no avance e desenvolvemento das zonas menos industrializadas.

As directrices estratéxicas comunitarias para o período 2007-2013 recollen a necesidade da consideración da política de desenvolvemento rural dende unha perspectiva integral centrada na economía agroalimentaria, o medio ambiente e a economía e poboación rurais.

Asemade, cómpre ter en conta a revalorización sociocultural das actividades tradicionais e especificamente rurais.

- Incremento da conciencia social sobre a necesidade de aplicación de medidas para a mellora da conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

- A creación de **lobbies galegos no exterior** aumenta as posibilidades de desenvolver e vender a imaxe de marca e identidade en todos os produtos galegos. Asemade, a pre-

senza de emigrantes fóra de Galicia favorece a comunicación da imaxe dos produtos galegos no exterior.

Estrutura e dinámica empresarial

- A creación de **redes de cooperación empresarial** entre pemes e entre estas coas grandes empresas instaladas na comunidade autónoma. Sería importante a colaboración dos distintos *clústers* e asociacións empresariais existentes en Galicia en materias coma a I+D, a internacionalización, a proxección de imaxe de marca territorial...

- O **desenvolvemento das TIC** e das telecomunicacións posibilita que empresas de menor dimensión, en comparación co que acontecía hai uns anos, poidan ser competitivas. O proceso de innovación tecnolóxica favorece tanto a redución de custos operativos como tempos de obtención de produtos, así como unha maior capacidade de adaptación ás necesidades dos clientes.

- Desenvolvemento de novas tecnoloxías aplicadas á mellora dos niveis de organización, xestión e loxística, favorecendo unha maior eficacia e produtividade das actividades empresariais, así coma un incremento do valor engadido.

- Proceso de internacionalización das actividades que favorecen o incremento do número de intercambios comerciais.

- Incremento da capacidade innovadora das empresas mediante a participación de sociedades de capital-risco e sociedades de garantía recíproca. Esta medra é especialmente importante no contexto actual galego de micro-pemes e escasa capacidade financeira para proxectos de I+D.

- Celebración de **grandes feiras sectoriais** (salientan en Galicia, entre outras, Conxemar ou a World Fishing Exhibition) que favorecen o acceso a novas tecnoloxías, información sobre a evolución do mercado, tendencias do consumo e o contacto con potenciais provedores, canais de distribución e clientes finais. Asemade, actúan como impulsores e dinamizadores da imaxe e prestixio dos produtos galegos.

Infraestruturas

- A situación portuaria privilexiada outorga a Galicia amplas oportunidades para as relacións comerciais. Neste senso, e para poder disfrutar desta vantaxe competitiva, é necesario un incremento do investimento para aumentar a capacidade dos portos galegos e transformalos en nodos intermodais do transporte de mercadorías.

- O futuro Plan Integral de Transportes de Galicia (Pitgal), na actualidade en fase de elaboración, que definirá as políticas de mobilidade na comunidade ata o horizonte de 2015.

- O *Plan Galicia suma* como punto de partida para a necesaria planificación de solo industrial, a cal tería que recoller non só a demanda actual de solo empresarial senón tamén as previsións de demanda futura.

I+D

- A aprobación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010, co obxectivo de impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-técnica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación no conxunto da sociedade.

- A aprobación do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010, que define catro obxectivos estratéxicos:
 - apostar polo crecemento e o emprego, potenciando a aplicación das TIC como medio para construír unha economía galega competitiva, baseada no capital intelectual e no coñecemento.
 - identificar e pór en valor liderados efectivos en Galicia a respecto da sociedade da información para definir, desenvolver e consolidar actividades innovadoras de carácter participativo no desenvolvemento tecnolóxico.
 - vertebrar territorial e socialmente Galicia a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da sociedade da información.
 - aproveitar as TIC como vehículo que garanta a presenza da identidade cultural galega na sociedade da información, conformando unha oferta de servizos e contidos nas plataformas converxentes que impulsen os niveis de uso.
- Expansión e modernización dos servizos a través do uso das novas tecnoloxías e a implementación de servizos avanzados que xeren un maior valor engadido. Cómpre salientar a crecente integración social de internet en Galicia e o comercio electrónico como canal de compra e venda habitual nos fogares.
- A partir da experiencia da empresas xa instaladas na comunidade autónoma, desenvolver proxectos de I+D no sector privado en colaboración coa administración e as universidades, co gallo de competir en calidade.
- Establecemento dunha carreira investigadora que propicie o desenvolvemento dos recursos humanos en I+D e a incorporación de investigadores no contorno empresarial. É necesaria a aposta polo desenvolvemento e consolidación de capacidades científicas de excelencia.
- A cooperación e colaboración empresarial entre empresas de distintas ramas de actividade trae consigo importantes posibilidades de ampliación dos factores de competitividade tecnolóxica.
- Tendencia á creación de parques loxísticos especializados, como a cidade do frío ou Texvigo, que permitirían mellorar a capacidade competitiva global desas actividades.
- O traballo coordinado dos 10 centros tecnolóxicos que operan en Galicia, de tal xeito que aproveiten as súas potencialidades, de cara a acadar a calidade total no sistema galego de innovación. Isto permite un desenvolvemento conxunto de accións para a difusión do coñecemento, información e promoción da ciencia e tecnoloxía, así como a prestación de servizos ás empresas.

Capital humano

- Esfuerzo mantido para a mellora da cualificación da man de obra.

• A creación do **Espazo Europeo de Educación Superior** que se pretende establecer no ano 2010. O Acordo de Bolonia ten coma obxectivo final o facilitar o fluxo de profesionais e estudantes entre os países que formen parte deste espazo. Os obxectivos básicos da creación deste espazo de educación común son os da adaptación a un sistema lexible e comparable de títulos, a creación de dous ciclos principais (os de grao e os de posgrao, xa sexan masters ou doutoramentos), a creación dun sistema de créditos común a todos os países, a promoción da cooperación europea e a mobilidade e a énfase do desenvolvemento curricular que complete a formación do alumno.

Con todo, cómpre salientar que neste proceso de adaptación existen problemas importantes asociados ao financiamento, así como os derivados das peculiaridades propias de cada país e os criterios que se deben seguir.

• Ameazas

Crecedemento económico

• A fortaleza do euro e os diferenciais existentes en termos de prezos levan unha **perda significativa de competitividade** da economía galega fronte a terceiros países. Esta perda de competitividade do sistema produtivo galego acrecéntase, en moitos casos, coa situación periférica de España na UE e de Galicia dentro de España, afastados dos principais eixes loxísticos e de comunicación europeos.

• A recente **ampliación da Unión Europea** aos países do leste supón non só unha perda de financiamento comunitario polo recorte das axudas europeas senón tamén un desvío de investimentos cara a novos Estados membros con persoal altamente cualificado e reducidos custos salariais. Este recorte pode incidir negativamente no crecedemento económico futuro dunha comunidade autónoma considerada como *Obxectivo converxencia*.

• Coa nova UE ampliada prodúcese un desprazamento do seu centro de gravidade económico cara ao leste.

• Galicia atópase lonxe do cumprimento dos obxectivos da renovada Axenda de Lisboa, que pretende converter á UE na “economía máis dinámica e competitiva do mundo”. Isto provoca a ameaza de situarse lonxe das primeiras rexións europeas, polo que será necesario un maior esforzo por parte de todos para desenvolver as accións necesarias para aproximarse aos devanditos obxectivos.

• Necesidade de fortes adaptacións das empresas galegas tanto á lexislación e normativa comunitaria sobre medio ambiente, cada vez máis desenvolvida e esixente, coma aos requirimentos para o cumprimento dos acordos de Kioto en materia de protección medioambiental e emisións de gases á atmosfera (especialmente no caso do sector enerxético, das industrias do cemento e as industrias papeleiras).

• Irrupción nos mercados mundiais de **novos países emerxentes** que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías do coñecemento.

• Insuficiente grao de control do cumprimento dos diferentes plans económicos e sectoriais, o que supón un freo á mellora da calidade dos produtos e ao desenvolvemento das actividades produtivas.

• O desenvolvemento económico de Galicia en termos relativos dentro do Estado amosa que non converxemos, que outras CC.AA. medran máis e contan cunha cidadanía que goza dunhas rendas superiores. Con todo, isto habería que matizalo tendo en conta a dualidade xeográfica galega.

Estrutura produtiva

• Unido á ampliación comunitaria, están as imposicións derivadas dos axustes das cotas de produción de determinados produtos agropecuarios á Política Agraria Común (PAC), que, en determinadas zonas de Galicia, puideran actuar como impulsores de industrias auxiliares paralelas. Asemade, moitas empresas do sector agropecuario atópanse en niveis mínimos de rendibilidade que dificultan procesos de investimento, de proxección futura e de capacidade de financiamento para a procura de alternativas.

• Abandono da actividade por parte daquelas empresas de menor dimensión e capacidade económica para adaptar as súas instalacións aos criterios e esixencias fixadas polas diferentes regulamentacións e normativas en materia de sanidade, seguridade alimentaria e protección aos animais.

- Insuficiente implicación por parte das administracións públicas para mellorar a competitividade das explotacións, optimizando adecuadamente os resultados dun proceso consensuado de concentración que permita obter economías de escala, maior capacidade financeira e maior poder negociador fronte á distribución.
- No mundo agrogandeiro detéctase o escaso desenvolvemento de organizacións interprofesionais.
- Forte incremento dos incendios forestais no contexto de cambio climático esperado e de destrución do bosque. Isto conleva unha negativa percepción social que afecta fundamentalmente ás actividades relacionadas co monte.
- Percepción de insuficiente dispoñibilidade de medios técnicos, equipamentos e recursos humanos destinados por parte das administracións públicas á extinción de incendios e conservación da superficie forestal.
- Excesiva dependencia socioeconómica das actividades relacionadas co mar nalgúns zonas de Galicia.
- Os sectores máis dinámicos da economía galega nos últimos anos foron a construción e os servizos.
- O fenómeno da **deslocalización** representa unha ameaza importante non só para as grandes empresas ou fabricantes, senón tamén para toda a rede de pemes das industrias auxiliares.
- En termos xerais, non existe unha **verdadeira integración dos sectores económicos**, agás no caso, principalmente, da automoción. É fundamental a mellora de instrumentos e mecanismos que faciliten a transferencia de coñecementos e desenvolvementos tecnolóxicos doutras cadeas empresariais, fomentando, por exemplo, a I+D.
- A perda de competitividade da industria galega se non se consegue **atraer a Galicia novos provedores** con posibilidades de subministrar capacidades de I+D.
- Polo xeral, percíbese unha insuficiente capacidade innovadora para o desenvolvemento de novas estruturas organizativas baseadas na cooperación e o asociacionismo, que melloren a eficiencia e a produtividade global dos distintos sectores.

Aspectos demográficos

- Impacto negativo, dende un punto de vista social, político e económico, do continuo deterioro relativo e dos desequilibrios poboacionais existentes.
- A redución do tamaño de mercado podería traducirse nun **menor atractivo** para as empresas, que non poden utilizar as economías de escala. Isto, ligado á atonía relativa do mercado de traballo galego e aos déficits en infraestruturas, incide negativamente na dinámica da actividade económica de Galicia, e polo tanto, na evolución do stock demográfico.
- Ao ser a poboación un das variables tidas en conta á hora da distribución de transferencias procedentes do Estado, existe a posibilidade dunha **redución de ingresos**, que afectaría en maior medida aos concellos. Asemade, o feito de que a caída da poboación acelere o proceso de converxencia coa media europea, levaría o problema da **redución de axudas europeas**. É necesario resaltar que converxencia económica implica desenvolvemento económico dun territorio unicamente se ao tempo se mantén a súa dimensión demográfica.
- Os desequilibrios poboacionais existentes en termos da súa concentración nas comarcas costeiras e das distintas pirámides de poboación na costa e no interior, onde vive xente

máis envellecida, **reducen as posibilidades de desenvolvemento do medio rural** e imposibilitan un rápido proceso de modernización das actividades produtivas baseadas nos sectores tradicionais.

Infraestruturas

- **Escaso desenvolvemento dun sistema ferroviario competitivo**, que se reflicte na falta de capacidade en determinados tramos da rede ferroviaria e na incerteza sobre as características técnicas da futura rede de alta velocidade e a situación na que quedará o transporte de mercadorías.

- A incerteza sobre os prazos de execución dos investimentos planificados e a reducida coordinación de distintas administracións na planificación de infraestruturas.

- Percepción desfavorable sobre as infraestruturas de transporte (nomeadamente ferroviario e intermodalidade) na medida en que o “servizo-prazo de entrega” a clientes é unha variable estratéxica de primeiro orden.

- Ausencia dunha auténtica terminal de carga aérea en Galicia.

- Posibles riscos de esgotamento no crecemento dos Portos do Estado en Galicia que limitarían a competitividade da industria galega. Isto, unido á devandita **carencia de solo industrial**, especialmente na fachada atlántica e próxima aos núcleos produtivos, limitaría as posibilidades de axilidade do sistema loxístico galego.

- Incidencia negativa dos aspectos relacionados coa especulación e o **elevado prezo do solo industrial**. Isto agrava a débil capacidade financeira daquelas actividades nas que predominan as pequenas empresas de carácter familiar.

I+D

- Insuficiente cultura de investimento en actividades de I+D e en transferencia de tecnoloxía por parte das empresas galegas, reducindo a capacidade innovadora e o desenvolvemento de novos produtos e servizos de maior valor engadido.

- **Escaso desenvolvemento da rede de infraestruturas** que posibiliten o acceso ás novas tecnoloxías da información e comunicación aos fogares e ás empresas instaladas no ámbito rural (internet de banda ampla, comercio electrónico, ...) limitando a capacidade competitiva das empresas e o acceso a mercados potenciais a través de canais de comercialización alternativos aos tradicionais.

Capital humano

- Unha seria ameaza da economía galega é a incapacidade de reter a persoas formadas nas universidades galegas, o que redundará nunha perda de capital humano.

- Insuficiente aproveitamento do potencial existente nas Universidades galegas e centros tecnolóxicos por parte das empresas para o desenvolvemento de proxectos de investigación aplicados a problemas concretos das actividades produtivas.

- Se ben é positivo o importante proceso de profesionalización rexistrado nas empresas galegas, estas aínda amosan certas reticencias a formar aos seus directivos medios por temor á súa marcha á competencia. Asemade, no ámbito da alta dirección, cómpre salientar a estreiteza do mercado laboral.

Internacionalización

- En canto á internacionalización, un primeiro aspecto ao que hai que facer fronte é o da **ausencia do sentimento da globalización** na sociedade galega no seu conxunto, o que estaría a danar a competitividade e a innovación.

- Deterioro do sector exterior en Galicia, que presenta un **continuo e crecente saldo comercial deficitario**. Ao longo dos últimos anos, este déficit rexístrase tanto no caso do comercio coas outras comunidades autónomas coma no das relacións con terceiros países (agás en 2002). Asemade, detéctase unha moi reducida presenza do investimento estranxeiro en Galicia, que para o conxunto do período 2000-2005 non chegou ao 2% do total estatal.

- Excesiva atomización industrial que limita o acceso a novos mercados, a novos procesos de internacionalización e ao financiamento. ■